

Traballador queimado

Á parte do desastre económico que pode significar calquera atropelo da Administración, tamén existe un **prezo anímico desproporcionado**. Persoalmente, o que vivín resúltame pesadísimo, e **cústame sentir como ser humano a quen colabora nesta farsa absurda**.

Durante moitos anos estiven moi ben considerado como funcionario, por entrega, calidade e capacidade de traballo. Fun como representante da Xunta de Galicia a comisións do Ministerio de Cultura e a decenas de eventos internacionais, en Europa e en América, e tamén tiven un papel clave para resolver subvencións da nosa Administración.

Con todo, sentínme transparente á hora de optar a postos de responsabilidade, mentres ao meu redor case **calquera que reunise os requisitos formais ascendía tranquilamente**.

Pero dóeme moito máis como **algunhas persoas que se dicían amigas**, e que me pedían apoio en cuestións persoais, cando atravesaban situacións delicadísimas, **situáronse enfronte de min**, con **ameazas durísimas** e descualificacións polo só feito de que eu puidese **utilizar a miña liberdade de expresión** para dar a coñecer a **tortura** á que estou sometido.

'Poden acabar contigo' ou 'Vante machucar' entraba dentro dunha **mensaxe que considero infame**, unido á súa **disposición inequívoca** a colaborar desde o seu exercicio profesional **co atropelo** a quen situaran nun lugar preferente da súa confianza persoal.

Desde que decidín plantarme e reivindicar con máis contundencia os dereitos que me corresponden, **véxome relegado a un ostracismo case absoluto**: unha **carga de traballo practicamente nula** e un **baleiro xélido** por parte dos meus superiores marcan a miña actividade laboral.

Hoxe sinto moitos **síntomas de traballador queimado**, cunha **desmotivación tremenda**, da que busco a maneira de saír, sen que saiba aínda como.

Resúltame duro vivir nestas condicións, pero **síntome en paz comigo mesmo**.

Paréceme insoportable, en cambio, **habitar a pel de quen atenta desta forma contra a convivencia** e contra a sociedade, ao axudar a **converter en guano os principios dos que nos dotamos**.

Sóame a marciano que alguén poida **venderse por unha causa tan torpe**. Con todo, **manteño a fe** en que saíamos disto cara a un horizonte liberador.

Non se se me corresponderá a min, pero vexo **algo digno máis aló de tanta torpeza evidente.**

Carlos Arias

www.difraccions.com